
MEMORIA VALORADA

SUMINISTRO DE MATERIAL LUMÍNICO E DE IMAXE PARA O AUDITORIO GABRIEL GARCÍA MÁRQUEZ

1. ANTECEDENTES E OBXECTO

O *auditorio Gabriel García Márquez*, de Mera é un ben inmueble de propiedade municipal localizado na rúa do Chelito s/n, de Mera. Trátase dun espazo de uso cultural, adicado preferentemente á exhibición, produción e difusión de espectáculos relacionados coas artes escénicas e musicais. Inaugurado no ano 2005, é o espazo incluído dentro da Rede B da Rede Galega de Teatros e Auditorios da AGADIC (Axencia Galega das Industrias Culturais). O Auditorio forma parte da rede de espazos escénicos municipais xunto ao Teatro do centro cultural As Torres, de Santa Cruz e o Auditorio do centro cultural A Fábrica, de Perillo.

2. SOLUCIÓN ADOPTADA

Tendo en conta que este espazo escénico conta cunha programación cada vez máis ampla e variada, (representacións teatrais, proxeccións, concertos, etc...) o Concello de Oleiros xa leva varios anos investindo nun proxecto de substitución gradual do sistema de iluminación do Auditorio Gabriel García Márquez pola necesidade detectada de afrontar unha serie de melloras no equipamento técnico-escénico da instalación.

Consideramos necesario levar a cabo un proceso de renovación gradual da iluminación convencional existente no Auditorio por outra iluminación tipo LED, modernizándose así o sistema de iluminación dixital para lograr unha maior calidade do servizo e unha mellora na eficiencia enerxética polo aforro de consumo logrado.

Por outro lado, somos tamén conscientes da importancia estratéxica do sector audiovisual galego. Un recente informe elaborado polo Observatorio da Cultura Galega do Consello da Cultura Galega recollía que o sector audiovisual galego atravesaba na actualidade un bo momento creativo e empresarial. A creación da Axencia Galega do Audiovisual, supuxo un punto de inflexión na idea de considerar o audiovisual como un sector estratéxico.

O sector audiovisual contribúe á promoción da cultura galega. A actividade cinematográfica e audiovisual galega competitiva e innovadora conforma un sector estratéxico da nosa cultura e da nosa economía como manifestación artística e expresión creativa. A súa contribución ao avance tecnolóxico, ao

desenvolvemento económico e á creación de emprego son factores que definen a súa fortaleza. Son moitos os postos de traballo, tanto directos como indirectos, que se crean arredor das producións cinematográficas, xerándose un tecido empresarial que promove a creación e a comercialización de bens e servizos culturais de calidade, favorecendo a difusión da lingua e da cultura galegas como elementos singularizadores.

O audiovisual galego pode converterse nun instrumento de normalización lingüística, nun vehículo idóneo para normalizar o uso da lingua galega e conseguir certa proxección internacional polo percorrido que poda acadar nos mercados existentes fora das nosas fronteiras. As series rodadas en galego están contribuíndo a dar a coñecer a diversidade lingüística do Estado. O uso do idioma galego na produción cinematográfica supón un factor diferencial.

Tra-lo apagón presencial de espectáculos de obrigado cumprimento polas restriccións sanitarias en cumprimento do deber de garantir a seguridade e a saúde das persoas asistentes ás actividades para afrontar a alerta sanitaria provocada pola pandemia COVID-19, en consonancia co Real Decreto Lei 6/2020, do 10 de marzo, entendemos que a exhibición dixital é complementaria á presencial. Non se trata de substituír unha por outra, senón de abrazar a diversidade de opcións ao noso alcance. En tempos de emerxencia sanitaria as pantallas acompañáronnos e tomaron unha gran relevancia para a difusión das artes escénicas.

É necesario dar forma ao cambio fundamental que se está producindo como resultado da dixitalización en todos os ámbitos da vida: en termos de contido e estrutura, pero sobre todo a nivel técnico e artístico. Algúns teatros e salas de concertos xa están sondeando as posibilidades do futuro dixital.

Por todo o exposto anteriormente e para cubrir ambas demandas, tanto de programación como de eficiencia enerxética, a proposta do Concello consiste na adquisición dun proxector dixital laser de alta resolución WUXGA de entre 10.000 e 15.000 lúmens e tecnoloxía 4K. Trátase dun aparato de calibración automática e proxección de imaxes en alta definición (HD). Cada vez son máis as compañías teatrais que utilizan este equipamento audiovisual no desenvolvemento das súas creacións e as empresas cinematográficas que ofrecen as súas producións.

En segundo lugar propónse a adquisición de 28 focos LED de gran potencia lumínica e amplo ángulo de dispersión, axuste variable e control mediante DMX. Trátase de focos “ecolóxicos” de gran eficiencia enerxética, longa vida útil da lámpada e escasa dispersión térmica.

3. PRAZO DE EXECUCIÓN

Estímase un prazo para a realización da subministración de **DÚAS (2) SEMANAS**.

4. ORZAMENTO

SUMINISTRO DE MATERIAL LUMINICO E DE IMAXE PARA O AUDITORIO GABRIEL GARCÍA MÁRQUEZ					
ORZAMENTO					
Código	Ud	Descripción	Medición	Precio	Importe
CAP01. SUMINISTRO ARTES ESCÉNICAS					
LOTE 1					
01.01	Ud	PROYECTOR EPSON EB-PU2216B O SIMILAR	1	19.465,98 €	19.465,98 €
		Sistema de proyección: Tecnología 3LCD Pantalla LCD: 1,03 pulgadas con C2 Fine Emisión de luz en color: 16.000 Lumen- 11.200 Lumen (económico) de conformidad con IDMS15.4 Emisión de luz blanca: 16.000 Lumen - 11.200 Lumen (económico) In accordance with ISO 21118:2020 Alta definición: 4K mejora Relación de aspecto: 16:10 Relación de contraste: Over 2.500.000 : 1 Native Contrast: 2.000 : 1 Fuente de luz: Láser Fuente de luz: 20.000 Horas Durability High, 30.000 Horas Durability Eco Procesamiento de vídeo: 10 Bits Reproducción del color: hasta 1.070 millones de colores Relación proyección: 0,35 - 7,41:1 Zoom: Motorizado, Factor: 1 - 1,6 Lente: varies by lens Desplazamiento de lente: Motorizado - Vertical ± 60 %, horizontal ± 18 %, varies by lens Lens position memory: 10 positions Tamaño de la imagen: 60 pulgadas - 1.000 pulgadas, varies by lens Distancia proyector objetivo gran angular: varies by lens Distancia proyector tele: varies by lens Lente de proyección número F: varies by lens Distancia focal: varies by lens Foco: Motorizado Lentes intercambiables: Sí Interfaces: USB 2.0-A (2x), USB 2.0 Tipo B (Sólo Servicio), RS-232C, Interfaz Ethernet (1000 Base-T/ 100-Base TX/ 10-Base-T), Entrada VGA, Entrada DVI, Entrada HDMI, HD-BaseT, Salida (jack), Entrada 3G-SDI, Salida 3G-SDI, LAN inalámbrica IEEE 802.11a/b/g/n (opcional), Near Field Communication (NFC) Protocolos de red: HTTP, IPv6, SNMP, ESC/VP.net, PJLink Consumo de energía: 1.083 vatios, 773 vatios (económico), 0,4 vatios Disipación del calor: 3.682 BTU/hour (max) Voltaje de suministro: AC 200 V - 240 V, 50 Hz - 60 Hz Dimensiones del producto: 586 x 492 x 218 mm (ancho x profundidad x altura) Peso: 24,2 kg nivel de ruido: Normal: 38 dB (A) - Ahorro: 34 dB (A) Temperatura: almacenamiento -10°C - 60°C Humedad del aire: Operación 20% - 80%, almacenamiento 10% - 90% Colocación: Montaje en techo, Escritorio, Montaje colgante Color: Negro			
01.02	Ud	LENTE EPSON 15K ELPLM15 O SIMILAR	1	1.502,80 €	1.502,80 €
		Lente motorizada de media distancia para proyectores serie EB-PU (Ratio: 2,16-3,48:1 Serie PU100 / Ratio: 1,57-2,56:1 Serie PU200). Peso 1,9 kg			
LOTE 2					
01.03	Ud	Cameo THUNDER® WASH 600 RGBW - 3 en 1 Estroboscopio, Cegador y Luz de Lavado O SIMILAR	12	317,39 €	3.808,68 €
01.04	Ud	Cameo TS 200 FC - Spot de teatro con lente de Fresnel y LED 6 en 1 de 200 W en carcasa negra O SIMILAR	16	880,00 €	14.080,00 €
	CAP01	SUMINISTRO ARTES ESCÉNICAS			38.857,46 €
		IVA (21%)	0,21		8.160,07 €
		TOTAL PRESUPUESTO			47.017,53 €

LOTE 1 : Proxector dixital láser de alta resolución WUXGA de entre 10.000 e 16.000 lúmens e tecnoloxía 4K

Importe sen IVE= 20.968,78 euros

Imposto sobre o valor engadido (IVE 21%)= 4.403,44 euros

Importe total (IVE engadido)= 25.372,22 euros

LOTE 2 : 28 focos LED de gran potencia lumínica e amplo ángulo de dispersión, axuste variable e control mediante DMX

Importe sen IVE= 17.888,68 euros

Imposto sobre o valor engadido (IVE 21%)= 3.756,62 euros

Importe total (IVE engadido)= 21.645,30 euros

O Orzamento total de Execución Material ascende á cantidade de **TRINTA E OITO MIL OITOCENTOS CINCUENTA E SETE EUROS CON CORENTA E SEIS CÉNTIMOS (38.857,46 €)**.

Tras sumarlle ao Orzamento de Execución Material a aplicación do 6% de Beneficio Industrial e o 13% de Gastos Xerais obtense a cantidade de **OITO MIL CENTO SESENTA EUROS CON SETE CÉNTIMOS (8.160,07 €)**.

O ORZAMENTO TOTAL DE EXECUCIÓN POR CONTRATA, incluído o 21% de IVE, ascende á cantidade de **CORENTA E SETE MIL DEZASETE EUROS CON CINCUENTA E TRES CÉNTIMOS (47.017,53 €)**.

Oleiros, na data da sinatura dixital

Asdo.:

Diego García Mella
Programador cultural